



Asunto: Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 26/03/2021 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por D/Dona JUAN EDUARDO MOSQUERA VIDAL en nome e representación da **asociación ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 2010/014629-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 14/03/2021, na que consta a identidade dos dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

PRESIDENTA	LUISA NEIRA SOUTO
VICEPRESIDENTA	OMAIRA TUIRÁN RUIZ
SECRETARIO	JUAN EDUARDO MOSQUERA VIDAL
VICRESECRETARIO/A	INMACULADA FERREIRO IGLESIAS
TESOUREIRA	Mª YOLANDA MARTÍNEZ TABOADA
VOGAL	ROSA HERMIDA GONZÁLEZ
VOGAL	ASUNCIÓN TOURÍS REBOIRAS

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 214/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da asociación ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2021
O xefe de sección do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas
David Castro Sanmartín

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede
A secretaria xeral técnica
Beatriz Cuiña Barja

